



Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de entrega das Medallas do Parlamento de Galicia

Salón dos Reis dos Parlamento de Galicia, 6 de abril de 2017 / 19.00 h.

- Presidente da Xunta,
- Galardoada e galardoados coas Medallas do Parlamento de Galicia e familiares dos galardoados falecidos,
- Delegado do Goberno,
- Alcalde de Santiago,
- Ex presidente da Xunta,
- Ex presidenta e ex presidentes do Parlamento,
- Membros da Mesa,
- Conselleiros e conselleiras da Xunta de Galicia,
- Portavoces do Parlamento e do Senado, deputados, senadores,
- Autoridades,
- Señoritas e señores:

Cando se cumpren 36 anos da promulgación, en 1981, do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia, congregámonos na sede da primeira institución da Comunidade Autónoma —xurdida tamén do Estatuto— para render homenaxe e recoñecer o traballo da «Comisión dos 16», inspiradores intelectuais e autores materiais do primeiro anteproxecto da norma básica que rexe e articula —xunto coa Constitución— o autogoberno de Galicia.

Distinguimos os integrantes da «Comisión dos 16», é dicir, os que foron oficialmente convocados polo entón presidente da Xunta preautonómica, Antonio Rosón Pérez, para acometer a redacción do anteproxecto estatutario nos comezos de 1979.

Mais este galardón debe ser entendido nun sentido amplo, tal e como se desenvolveron aquelas xuntanzas, nas que ao grupo dos 16 convocados polo presidente Rosón se sumaron, cando menos puntalmente, outras tantas persoas, que contribuíron á boa marcha dos traballos co seu esforzo, os seus coñecementos e os seus devezos dunha Galicia mellor.

Para todos eles —moitos aquí presentes—, o noso agradecemento sincero, que tamén quero estender a outras dúas persoas que, sen formaren parte da Comisión dos 16, colaboraron intensamente con eles: Xosé Rivas Fontán, conselleiro secretario da Xunta de Galicia; e Marino Dónega Rozas, conselleiro de Cultura naquelas datas.

Permítanme que faga referencia a un funcionario desta casa, Anxo Teixeira, que desde a Xunta preautonómica colaborou con eficacia e lealdade —e así o manifestan os relatores— nos traballos da Comisión dos 16. Hoxe, 38 anos despois, segue traballando con igual dedicación desde o Servizo que dirixe, prestando asistencia aos diferentes órganos do poder Lexislativo e a todas as deputadas e deputados.

A Galicia actual foi quen de acadar o elevado autogoberno que xestiona grazas, en parte, a aqueles galegos que se esforzaron para plasmar nun documento as ansias de autonomía que durante décadas foran só un sono.

Digo con frecuencia que Galicia sofre un déficit de coñecemento da súa historia contemporánea, e moi singularmente do proceso que sentou as bases do noso autogoberno.

Por iso, con actos coma o de hoxe, e todos os que forman parte da programación conmemorativa do 35 aniversario do Parlamento de Galicia, pretendemos contribuir a superar ese descoñecemento.

Homenaxeamos hoxe o Estatuto de Autonomía e, con el, todas as institucións que emanan desta norma básica, comezando por este Parlamento; o Executivo autonómico, que exerce a capacidade de autogoberno e nos permite xestionar cuestións esenciais como a sanidade ou a educación, que outrora —non o esquezamos— decidían por nós en Madrid; ou institucións estatutarias como o Consello de Contas —recentemente reforzado nas súas competencias—, o Valedor do Pobo —cada día con maior prestixio entre a cidadanía á que ampara— ou o Consello da Cultura —que exerce brillantemente as funcións de promoción que ten encomendadas—.

Foi o Estatuto, xunto coa normativa legal e as medidas de impulso postas en marcha a partir del, o que nos permitiu avanzar na normalización da lingua galega, o principal e máis valioso sinal diferenciador na nosa cultura.

Malia que sempre se pode mellorar, é evidente que temos dado pasos de xigante na normalización da nosa lingua, como coincidirán, de seguro, os galegofalantes que, coma min, viviron en primeira persoa a opresión lingüística —social e institucional— da ditadura.

Falo de lingua e tamén de cultura. Unha cultura, a galega, que atravesa un momento de intensa creatividade en todos os ámbitos da expresión artística e intelectual, como acredita a actuación musical que abriu e pechará este acto, e coa que queremos visualizar que o Parlamento é, tamén, a casa de todos os nosos creadores e creadoras.

Os artistas que hoxe nos acompañan, e tantos outros, son viva demostración da plenitude creativa da Galicia actual e téñense convertido en extraordinarios embaixadores da nosa cultura alí onde actúan.

Quero saudar expresamente a todas as galegas e galegos do exterior e a cantos nos seguen a través da Televisión de Galicia e da Radio Galega.

O Parlamento de Galicia non se entendería sen o papel determinante da emigración ao longo da historia: unha historia chea de dor, renuncias e traballo, pero tamén de heroísmo, xenerosidade e compromiso social e cultural que cómpre seguir recoñecendo.

O profesor Puy Muñoz, aquí presente, escribiu que Galicia tiña pendente a tarefa de rectificar a memoria respecto ao proxecto do Estatuto dos 16.

«Aínda non sei por que —escribía este catedrático en 2001— os mesmos políticos, xuristas, tratadistas, articulistas ou tertulianos que lle conceden a importancia que teñen aos proxectos de estatutos de Salou ou de Guernika, non lla conceden ao Estatuto dos 16, que se argallou exactamente co mesmo procedemento, e igual alto espírito de lealdade a Galicia e a España, no marco constitucional».

Dixen, hai un ano, na entrega das primeiras medallas do Parlamento aos ex-presidentes e ex-presidentas desta Cámara, que os esforzos de Castelao, e de tantos outros patriotas que loitaron polo Estatuto do 36, non resultaron baldíos, malia que aquel texto nunca chegara a entrar en vigor.

Falo de persoas como Alexandre Bóveda, Ánxel Casal, Xaime Quintanilla, Rajoy Leloup, González López, Fernández Ossorio-Taffal e outros moitos.

Como presidente do Parlamento de Galicia, quero facer memoria de todos os homes e mulleres aos que debemos boa parte do que temos e do que somos como nacionalidade histórica.

- Fago memoria dos deputados galegos da República que, como Castelao, Otero Pedrayo e outros, defenderon a identidade de Galicia alí onde tiveron oportunidade de facelo, case sempre en situacións adversas.

- Reivindicamos o labor do Consello de Galicia, que, desde o exilio en América, alentou as arelas de democracia e autonomía. Parte das actas do Consello foron doadas tempo atrás a este Parlamento, onde as custodiamos, orgullosos e sabedores do elevado simbolismo destes documentos.
- Honramos tamén o «galeguismo do interior» o «piñeirismo», que nos anos escuros se esforzou na procura dun obxectivo similar desde a Galicia territorial a partir dunha visión realista da situación.

Uns e outros traballaron, loitaron por moldear unha Galicia dona do seu destino, que hoxe se sitúa entre os territorios con maior autonomía de Europa, que convive en harmonía cos restantes pobos de España, cultiva a súa vocación europea e promove os vínculos fraternos cos territorios de alén mar.

Unha «autonomía integral», en suma, porque, como dixo Castelao, «Galicia non necesita máis, pero non pode conformarse con menos».

Recoñecemos hoxe o labor doutro grupo de patriotas, a Comisión dos 16, herdeiros e leais continuadores da vocación autonomista nunca interrompida, pero si intensamente maltratada.

Como deixou escrito o finado Manuel Reimóndez Portela, presidente daquel grupo de traballo, «o Estatuto dos 16 foi unha das pouquiñas experiencias de consenso que ten a nosa política máis nova. Cáseque a única».

Estamos inmersos nunha etapa política ben diferente da que lembramos. Hoxe é maior a polarización e máis escaso o respecto ao contrincante, lamentablemente.

O paso do tempo asentou na sociedade unha cultura democrática e de participación da que os nosos devanceiros carecían, porque lles fora cruelmente furtada. E, se cadra, esa cotidianidade democrática lévanos a desdeñar usos, costumes e actitudes necesarios para agrandar e consolidar o noso sistema de dereitos e garantías democráticas, nos que ás veces nin sequera reparamos, coma se sempre tivesen estado aí.

O *Estatuto da Aldraxa*, como chegou a ser denominado o posterior texto recortado que desde fóra trataron de nos impoñer, acabou sendo finalmente reconducido, con éxito, a través do Pacto do Hostal, que tamén recoñecemos.

Aínda que por falta de tempo non podo glosar a tarefa individual de cada unha das persoas que traballaron na Comisión dos 16, volvo insistir na transcendencia dunha figura sempre inspiradora: Don Antonio Rosón, primeiro presidente da Xunta preautonómica e auténtica *alma mater* daquela comisión, como enfatiza reiteradamente o admirado Dr. Reimóndez Portela, xa referenciado, nun libro sobre o *Estatuto dos 16* de moi recomendable lectura.

O exemplo de cada un dos 16 homenaxeados, sen agardar nada a cambio máis que a satisfacción consigo mesmo e a fidelidade aos seus principios, debería inspirarnos, primeiro como persoas e como galegos; e, en segundo lugar, como lexisladores, obrigándonos a poñer en valor o Estatuto e tentar de espremer todo o seu potencial.

Teñamos claro —e diríxome moi especialmente ás deputadas e deputados desta Cámara— que a cidadanía nos elixe para resolver problemas, xamais para crealos.

A permanente procura do consenso e o traballo calado da Comisión dos 16 e os seus substitutos e colaboradores, debería ser



permanente fonte de inspiración para calquera que aspire a servir a Galicia.

Que a capacidade de acordo da que fixo gala a Comisión dos 16 nos inspire e sirva de guía, dentro e fóra do Parlamento, no alborexar de cada día, na procura dun futuro mellor que, estou seguro, todos arelamos.

Que así sexa.